

AMEAZAS Crean o Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños para frear as agresións aos seus xacementos, situados entre Marín e Pontevedra

O monte, a monte



Vanessa Oliveira · Santiago

A creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños –o monte situado entre os concellos de Marín e Pontevedra– acábase de poñer en marcha –a través dunha páxina web (www.espazosetecaminhos.tk) e dun grupo en Facebook– ante as ameazas que poñen en risco os xacementos arqueolóxicos desta zona. Unha das primeiras accións dos colectivos que a impulsan foi a presentación de alegacións ao DOT (Directrices de Ordenación do Territorio, o borrador presentado pola Xunta), nas que lle solicitan á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a inclusión desta zona entre os espazos naturais protexidos de Galicia.

Aínda que a idea naceu en 2003, a creación deste espazo acaba de activarse nos últimos meses, impulsado por unha vintena de asociacións socioculturais e veciñais de Pontevedra, Marín e Vilaboa e mais un grupo de sete arqueólogos, co fin de pór en valor o seu patrimonio cultural, rico, sobre todo, en mámoas e petróglifos.

Estes colectivos designaron unha comisión técnica formada pola xornalista Paz Castro, o economista e investigador do Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca, Rafael Quintía, o realizador e arqueólogo Lukas Santiago e o especialista en Multimedia David Suárez, que traballan directamente no proxecto. A creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é urxente, segundo os seus impulsores, logo da destrución da Mámoa de Louredo situada en terreos da Brilat por causa dunhas obras no seu campo de adestramento, onde construíron unha aldea afgá.

Frear o proxecto dun polígono industrial en San Xulián

Unha das alegacións que estes colectivos presentaron ao DOT é que os montes do Morrazo sexan tamén un espazo natural protexido, un feito que frearía o proxecto do concello de Marín de instalar un polígono industrial no monte comunal de San Xulián. As entidades que apoian o proxecto queren evitar situacións como as que se produciron en 2003, cando se instalou a Liña de Alta Tensión Lourizán-Cangas, ignorando o xacemento polo que pasaba, ou se construíu a variante de Marín que fixo desaparecer un petróglifo non catalogado pero do que se tiña constatación a súa existencia.

“Todo ten que ver co proceso de



Arriba, gravados do Pornado e a 'aldea afgá' construída pola Brilat onde se atopaba a Mámoa de Louredo

O PROXECTO

Catro fases para poñer en valor sendeiros, miradoiros e mámoas

O proxecto de creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños inclúe catro fases para poñer en valor esta zona. A primeira incide na busca de financiamento e de apoios para desenvolver o proxecto. A segunda fase céntrase na ordeación e refectación do monte, incluíndo a limpeza e acondicionamento dos elementos de interese e a posta en valor dos xacementos e mais o acondicionamento dos miradoiros naturais, situados no Pornado e no Monte Catadoiro.

Esta segunda fase tamén recolle a sinalización do sendeiro arqueolóxico (un círculo circular con inicio na área recreativa de Pornado e no Campo de fútbol do Casal, ideal para facer a pé ou en bicicleta) e dos dous sendeiros de conexión coa Lagoa de Castiñeiras así como a creación dunha carballeira

no Pornado. A terceira fase do proxecto prevé a escavación arqueolóxica das mámoas pendent de localización e a súa recuperación. A derradeira fase do plan inclúe a creación dun centro de interpretación.

Apoian este proxecto as comunidades de montes de Lourizán, de Salcedo e de Vilaboa; as asociacións veciñais de Estriceres (Lourizán), de San Andrés (Estribela), de Heroes do Campo da Porta (Salcedo), de San Xulián, de Postemirón/A Graña (Vilaboa), as plataformas en Defensa da Praza dos Praceres e do Monte Pituco/Pornado, a Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, as asociacións culturais Vaipolrío, Almuinha, A Pedra Floxam, Ronsel, Os Chichisos, o Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca e a Associação Cultural Amig@s da Cultura.

abandono do monte –explica Lukas Santiago–. Reivindicamos a defensa do patrimonio cultural desta zona, incluídos os microtopónimos que se foron perdendo como o do Monte do Pornado”. Por iso, quere empregar ferramentas como a de Facebook para “dar a coñecer o patrimonio” xa que, ao ver do arqueólogo, “se non se coñece non se pode valorar nin conservar”.

A zona do Monte do Pornado e Os Sete Camiños constitúe “un espazo privilexiado, de singular relevancia natural e patrimonial”. A proposta de creación do Espazo Natural e Arqueolóxico representa, ao ver dos colectivos, “unha alternativa viable para convertelo nun referente identitario para a comunidade local ademais de constituír un recurso social e economicamente rendible”.

Ademais de empregar internet para divulgar a importancia cultural e natural desta zona, estes colectivos tamén están a organizar roteiros para amosarlles aos veciños a localización de mámoas e petróglifos, a única forma, aseguran, de “dar a coñecer este patrimonio para que se protexa”. ●

POLÉMICA

■ Os católicos coinciden cos xudeus

Todas as relixións arremeten contra Hawking

O arcebispo de Canterbury, Rowan Williams, e outros líderes relixiosos británicos criticaron o astrofísico Stephen Hawking por descartar a Deus como creador do Universo nun libro de próxima publicación. “Crer en Deus non consiste en como tapar un buraco e explicar como unhas cousas se relacionan con outras no Universo, senón que é a crenza de que hai un axente intelixente e vivo de cuxa actividade depende en última instancia todo o que existe”, declarou.

“A física por si soa non resolverá a cuestión de por que existe algo en lugar de nada”, agregou Williams.

O rabino xefe, Jonathan Sacks, sinala nun artigo que “a ciencia trata de explicar e a relixión, de interpretar. Á Biblia sinxelamente non lle interesa como se creou o Universo”. “A ciencia desarticula as cousas para ver como funcionan. A relixión a xunta para ver que significan. Son dúas empresas intelectuais distintas. Ata ocupan diferentes hemisferios do cerebro”, sinala Sacks.

O arcebispo de Westminster e primado da Igrexa católica, Vincent Nichols, dixo subscribir totalmente as palabras do rabino xefe sobre a relación entre relixión e ciencia. ● EFE

BALANCE

■ Durante o mes de agosto en Compostela

30.000 persoas viron o Festival dos Abrazos

Preto de 30.000 persoas gozaron do 9 ao 29 de agosto en Compostela do Festival dos Abrazos. A concelleira de Cultura da cidade, Soco García Conde, destacou onte en roda de prensa o éxito de público da terceira edición do festival, que consolida a fórmula deste certame, no que as propostas artísticas se presentan en prazas, rúas e noutros espazos singulares da cidade. Na roda de prensa tamén participou o director-xerente do Auditorio de Galicia, Paulo Rodríguez. Socorro García destacou a clara consolidación do Festival na oferta da cidade, dado que unha parte importante do público asistente son os propios santiagueses. ● REDACCIÓN